



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

“Por debaixo de la puerta  
Taresita, daime lume,  
par´ensénde-lo sightharro  
que lo traio de costumbre.”

“Ghuapo así o dixestes,  
se non sabe-lo camiño,  
volve por donde viñestes.”

“O camiño ben o sei-e,  
ben o tou vendo d´aquí,  
quen me dera de encontrar-e  
/i-unha dama coma tí-e:/”

“I unha dama coma min-he  
i-o ghalán que a portende,  
inda ten que saber ler-e.”

“Nin sei ler nin escribir-e  
nin tampouco andar de rolda  
quén me dera de saber-e”

“I esa túa´scola nova  
i-era i-unha maravilla,  
i-a dónde vai o diñeiro  
que ghanastes en Castilla.”

“O diñeiro de Castilla,  
diñeiro de maldisión-he,  
fómolo ghasta-los dous-e  
i-á taberna de Gijón-he”.

“S´o ghaustastes n-o ghaustaras  
eu non cho mandei ghastrar-e,  
de sete damas que tés-e  
dime cál has de ghosar-e”.

“De sete damas que teño  
téñoas na faltrigheira,  
de sete damas que teño  
ti has de se-la primeira.”



“A primeira non a son-he  
que non me quero casar-e,  
desa túa mala vida  
moito m´eide resalare.”

Eu aquí nunca cantei,  
eu aquí nunca cantei-e,  
/:por se-la primeira ves-e  
non sei como salirei-e:./

/:Pensastes de m´engañar-e  
cunha palabra maldita:/  
/:i-a mi me parió mi madre  
más pícara ca bonita:/

I-andivestest´alabando  
que me ibas i-olvidar-e,  
/:i agora i-olvideich´eu-e,  
i-anda i-a vait´alabar-e:./